

GUÍA DIDÁCTICA



Decorado

Unha película de **Alberto Vázquez**

ALUMNADO DE 4º E.S.O. E BACHARELATO

MARÍA Y ARNOLD A.I.E.

abano

uniko

glow

SARDINHA EM LATA



A guía didáctica da película **DECORADO** de Alberto Vázquez é unha iniciativa das produtoras do filme.

- **Coordinación do proxecto:** Abano Producións S.L.
- **Creación guía e fichas, textos e deseño didáctico:** Ana Belén Campos Graña.
- **Deseño e maquetación:** Jimena Bastón Rojo.
- **Corrección lingüística:** Andrea Fernández Covelo e a Secretaría Xeral Política Lingüística - XUNTA de Galicia

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN	4
2. MARCO TEÓRICO- LEXISLATIVO	6
3. SOBRE A TEMÁTICA	9
4. A PELÍCULA	12
5. APLICACIÓN DIDÁCTICA	15
5.1. Obxectivos	16
5.2. Actividades	
5.3. Temporalización	31
5.4. Metodoloxía	
6. BIBLIOGRAFÍA	32
7. ANEXO	33

1. PRESENTACIÓN

Decorado é unha longametraxe de animación dirixida por Alberto Vázquez, director de cinema, ilustrador e novelista gráfico coñecido polas súas obras de estilo escuro e surrealista. A obra inspírase na súa curtametraxe homónima Decorado que, pola súa vez, se basea nun cómic que o director realizou hai tempo. Unha historia dramática con toques de humor, dirixida a un público máis amplo e internacional, sen perder a súa esencia artística e autoral.

Alberto Vázquez define esta nova longametraxe como unha mestura de Mickey Mouse, *O show de Truman* e *Segredos dun matrimonio* de Ingmar Bergman porque, aínda que os protagonistas son ratos, o que senten e o que pensan é moi humano.

Decorado é unha fábula existencialista que narra a historia de Arnold e María, unha parella de animais antropomorfos que viven ao bordo da exclusión social, que atravesa unha crise económica onde a procura de emprego resulta cada vez máis complexa. A situación precaria que afrontan lévaos a ter problemas psicolóxicos que acaban afectando o plano emocional, e provocan unha crise de parella. Arnold e María loitarán por tentar saír desa crise, enfrentándose á sociedade e ao sistema capitalista no que viven. Con todo, ao non poder facer fronte ao sistema, só lles quedará refuxiarse no amor que comparten entre eles e os seus amigos.

Esta longametraxe esconde detrás unha historia profundamente psicolóxica e humana que convida a reflexionar sobre o propio sentido da vida e sobre, tal e como destaca o seu director, que somos ou que son a familia ou os amigos para nós.

A película critica problemas globais de rabiosa actualidade narrados en diferentes capas dentro do relato fantástico, observamos como existen nela moitos paralelismos coa nosa sociedade actual abordando temas como a crise existencial, a procura de sentido na vida e a crítica á sociedade contemporánea.

A pesar das distintas temáticas que se poden apreciar ao longo desta, a intención do director é crear diferentes emocións empuxando os espectadores para sacar as súas propias conclusións. A película convida a reflexionar sobre a condición humana e a sociedade actual.

Como xa se mencionou anteriormente, as temáticas que se abordan nesta longametraxe son diversas pero consideramos que a construción da identidade é un tema relevante que se deberá traballar co alumnado do último curso da educación secundaria obrigatoria e da postobrigatoria.

Cabe indicar que a película non está recomendada para menores de 16 anos pero consideramos que se trata dun tema importante para tratar dende os centros e queda á elección do equipo docente e das familias decidir se desexan traballar coa devandita guía.

A guía didáctica foi elaborada coa finalidade de achegarlles un apoio pedagóxico aos distintos axentes educativos. Contén un amplo abanico de información e propostas que preparan e complementan o visionamento da película correspondente suxerindo actividades ao redor dos principais valores que se tratan de transmitir a través da longametraxe. Así, tras visionar **Decorado**, o profesorado apoiárase nela para levar a cabo diversas actividades relacionadas coas temáticas expostas.

O obxectivo desta guía é darlle ao alumnado as ferramentas necesarias para que sexa capaz de construír a súa propia identidade á marxe da presión imposta pola sociedade que nos rodea. Traballarase a falta de valores, que cada vez está a ser máis común no mundo no que vivimos, ofrecéndolles as claves para converterse en individuos tolerantes, equitativos e respectuosos. Buscamos que dende a escola se traballe co alumnado a educación emocional e a educación en valores, un factor moi importante para alcanzar a calidade que propón o sistema educativo español.



2. MARCO TEÓRICO- LEXISLATIVO

No noso sistema educativo podemos sinalar que no preámbulo da LOMLOE se fai referencia á importancia de alcanzar unha educación de calidade para todo o alumnado e unha equidade no ensino que garanta a igualdade de oportunidades e a non discriminación.

Ademais, no devandito preámbulo, faise referencia á importancia da construción da identidade resaltando que “a educación é o medio máis adecuado para desenvolver ao máximo as súas capacidades, construír a súa personalidade, conformar a súa propia identidade e configurar a súa comprensión da realidade” ademais de “fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social”.

No apartado 2 do artigo 6, sinálase que “o currículo irá orientado a facilitar o desenvolvemento educativo dos alumnos e alumnas, garantir a súa formación integral, e contribuír ao pleno desenvolvemento da súa personalidade para preparalos para o exercicio pleno dos dereitos humanos, dunha cidadanía activa e democrática na sociedade actual”.

A Axenda 2030, adoptada polas Nacións Unidas en 2015, é un plan de acción global para lograr un futuro sostible para todos. Aínda que non hai un obxectivo específico dedicado exclusivamente á "construción da identidade", varios dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) abordan aspectos cruciais relacionados coa identidade, a cultura e a inclusión. Como pode ser, por exemplo, o ODS 4 relacionado coa educación de calidade. Neste ODS sinálase que “a educación desempeña un papel fundamental na formación da identidade individual e colectiva. Unha educación inclusiva e equitativa promove o respecto pola diversidade cultural, a igualdade de xénero e os dereitos humanos”. Outro exemplo é o ODS 10, relacionado coa redución das desigualdades indicando que “a discriminación e a exclusión social poden ter un impacto negativo na construción da identidade das persoas e os grupos marxinados”.

Consideramos que a educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial non se debe de limitar simplemente a promover un consumo responsable e unha "conciencia verde" individual. É necesario fomentar nos individuos un pensamento crítico e transformador que nos permita cuestionar o sistema capitalista no seu conxunto e construír alternativas máis xustas, solidarias e sostibles en lugar de formar cidadáns adaptados a un mercado laboral cada vez máis precario e competitivo. A educación debe apoderar as persoas para que se convertan en axentes de cambio capaces de transformar a sociedade dende as súas raíces.

Doutra banda, observamos como a cultura se reconece cada vez máis como un pilar fundamental do desenvolvemento sostible xa que esta inflúe na forma na que as persoas se perciben a si mesmas e aos demais, e desempeña, polo tanto, un papel crucial na promoción da cohesión social, a diversidade e a inclusión.

A Axenda 2030 reconece a importancia da identidade cultural e a inclusión social como elementos clave para lograr un futuro sostible para todos e todas. Así pois, tal e como sinala Andreas Schleicher: "Os centros educativos deben axudar os estudantes a desenvolver unha identidade consciente do pluralismo da vida moderna, fomentar a tolerancia e a empatía para afrontar o extremismo" polo que é crucial "incorporar os valores na educación de maneira explícita, e transformar as aspiracións implícitas en obxectivos e prácticas que xeren confianza, vínculos sociais e esperanza".

A finalidade da Axenda 2030 busca que, para o ano 2030, todo o alumnado adquiera os coñecementos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura ao desenvolvemento sostible.


A sociedade actual demanda que a escola transcenda a mera transmisión de coñecementos e se compromete coa formación de cidadáns íntegros, capaces de resolver conflitos, practicar a solidariedade e cultivar a tolerancia. Neste sentido, a intervención educativa revélase crucial na construción da identidade persoal e no proceso de autodescubrimento, abarcando as múltiples dimensións do desenvolvemento humano. Búscase, así, promover un cambio profundo nas actitudes individuais e os hábitos sociais, e forxar persoas capaces de edificar a súa propia identidade de maneira crítica, autónoma e individual.

O obxectivo fundamental da educación secundaria é a formación integral dos estudantes, e abarcar tanto os contidos curriculares como outros aspectos esenciais para o desenvolvemento da súa personalidade. Isto implica unha intervención educativa que atenda as diversas dimensións sociais, afectivas e emocionais dos mozos.

Por todo iso, consideramos que dende os centros educativos deberán darse as ferramentas necesarias para que o alumnado sexa capaz de construír a súa propia identidade, á vez que tratamos de inculcar unha educación en valores e poñer en práctica a educación emocional tratando de transmitir-lles uns valores cívicos e de respecto cara aos demais.

Finalmente, sinalar que somos conscientes de que todos os axentes sociais son de grande importancia para alcanzar o noso obxectivo pero cremos que, dende o ámbito familiar e educativo, é importante educar con base nuns valores democráticos, tolerantes, de solidariedade e de respecto para seguir camiñando cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A educación das futuras xeracións é a base do progreso. Aínda que debe iniciarse dende a infancia, é fundamental continuar traballando neste campo durante todas as etapas educativas para garantir un impacto duradeiro na sociedade.



3. SOBRE A TEMÁTICA

O director apóiase nas bases da fábula para abordar moitos dos problemas que afectan o mundo actual. Neste caso, faino a través dun rato de mediana idade cuxa crise existencial se manifesta en todos os ámbitos da súa vida.

A película explora temas universais como a procura de identidade e o desencanto cunha sociedade que lles dá prioridade ás aparencias e á conformidade. De este xeito, **Decorado** preséntase como unha reflexión profunda e inquietante sobre a natureza da vida moderna e a loita por atopar un propósito en medio do baleiro, unha crise que todos enfrentamos nalgún momento e que, do mesmo xeito que aos protagonistas desta historia, nos leva a cuestionarnos diversos aspectos da nosa existencia.

Actualmente, a sociedade na que vivimos transfórmase a pasos axigantados debido a factores como a economía e os avances tecnolóxicos. Lonxe de eliminar as desigualdades socioeconómicas, estes cambios acrecentáronas.

Dende os centros educativos, é fundamental proporcionarlles aos/ás estudantes as ferramentas necesarias para comprender estes problemas (fame, consumismo, desigualdades socioeconómicas, entre outros) e fomentar unha actitude crítica ante eles. Non só deben adquirir coñecementos, senón tamén desenvolver actitudes e valores que lles permitan afrontar estes desafíos e construír a súa identidade de maneira crítica, construtiva, individual e autónoma.

Entendemos a identidade como o conxunto de características e trazos que percibimos de nós mesmos e que nos permiten definírnos ante os demais. Implica comprender quen somos, que desexamos e cara a onde queremos dirixirnos no noso desenvolvemento persoal, relacional, profesional e social. A construción da identidade supón un proceso de autoconhecimento e reflexión que involucra aspectos subxectivos como a individualidade, a autoestima, a autorreflexión e a conciencia dun mesmo (Lingiardi e McWilliams, 2017).

Este proceso prolóngase ao longo da adolescencia e ao inicio da idade adulta, requirindo múltiples intentos antes de alcanzar unha estabilidade relativa. O psicanalista Erik Erikson identificou oito etapas no desenvolvemento da personalidade, cada unha caracterizada por unha crise psicosocial. Na adolescencia, a construción da identidade é central e relaciónase coa crise de "identidade vs. confusión de roles". Durante esta etapa, os adolescentes exploran distintos roles, valores e crenzas para formar unha identidade coherente, influenciada polo contexto social e cultural no que a familia, a escola e a comunidade desempeñan un papel crucial.

Segundo Erikson, a adolescencia e a xuventude son etapas clave para o desenvolvemento psicosocial. Durante a adolescencia, os individuos experimentan unha crise de identidade, un período de introspección no que exploran quen son e que aspiran a ser. Esta exploración pode derivar nunha identidade estable ou nunha confusión de roles caracterizada pola falta de metas claras. Superada esta crise, os mozos adultos enfróntanse á crise de intimidade, na que buscan establecer conexións significativas. A resolución satisfactoria de ambas as crises determina o benestar psicolóxico na adultez.

Doutra banda, Dubar analiza como os cambios nas estruturas sociais e económicas transformaron a construción da identidade. Sostén que as identidades tradicionais, baseadas na pertenza a grupos estables como a familia ou a clase social, están a ser substituídas por identidades máis flexibles debido á globalización, á individualización e á precarización do traballo. A inestabilidade laboral e a falta de seguridade dificultan a construción dunha identidade profesional sólida, volvéndoa máis fráxil e vulnerable. Así, Dubar axúdanos a entender que a crise de identidade non é un fenómeno individual, senón un problema social vinculado aos cambios estruturais.

Na nosa sociedade, a presión por encaixar nun grupo pode levarnos a renunciar á nosa individualidade. Este fenómeno maniféstase na presión social, unha influencia psicolóxica e social que modifica o comportamento, as actitudes e as opinións das persoas para obter a aprobación e evitar o rexeitamento.

A presión social en si mesma non é negativa, pero pode xerar ansiedade e confusión nos adolescentes, impedíndolles mostrarse tal como son por medo a non ser aceptados. Moitas persoas chegan a actuar en contra dos seus valores só por pertencer a un grupo. Diversos estudos demostraron que tendemos a cambiar a nosa opinión cando vemos que a maioría pensa de maneira diferente, o que nos leva a modificar a nosa conduta para evitar o rexeitamento e obter a validación social.

Bauman postula que as identidades contemporáneas deixaron de ser fixas e herdadas, transformándose en construcións fluídas e dinámicas. Estas redefínense continuamente a través de eleccións persoais e experiencias transitorias. Neste proceso, a presión social inflúe de maneira significativa, aínda que non de forma determinante.

A presión social preséntase cando ignoramos a nosa individualidade e principios por medo a ser diferentes ou a non ser aprobados. Aínda que é natural desexar a aceptación dos demais, existe unha diferenza entre querer encaixar e sentirse cómodo nun contorno. Actualmente, preocupámonos máis por cumprir cos estándares sociais que por ser nós mesmos.

Este tema é fundamental na adolescencia, xa que é unha etapa de vulnerabilidade na que comezamos a formar os nosos propios criterios e descubrir as nosas preferencias. Se non


somos conscientes de como a presión social nos inflúe, corremos o risco de darlle prioridade sobre os nosos valores.

A educación e a psicoloxía desempeñan un papel clave neste proceso. Con todo, o obxectivo non é impoñer unha identidade, senón proporcionar ferramentas que lles permitan aos individuos construír a súa de maneira autónoma, lonxe da influencia da sociedade.

É fundamental que a educación fomente a crítica construtiva e o pensamento aberto, e promova transformacións sociais mediante a participación activa. O ensino debe preparar o alumnado para afrontar crises persoais e construír a súa identidade de maneira auténtica e reflexiva, e contribuír así a unha sociedade máis consciente e equitativa.



4. A PELÍCULA



Título: Decorado

Ano: 2025

Duración: 93 minutos

Xénero: Drama · Fantasía · Comedia

Director: Alberto Vázquez

Guionistas: Alberto Vázquez e Xabier M. Ruiz

Técnica: Animación 2D

Formato: Color - 2K - 1.85:1

SINOPSE

Arnold, un rato de mediana idade en plena crise existencial, vive en constante sospeita. Ao contrario que a súa muller María, sempre sentiu que o mundo que o rodea é falso, como un **DECORADO!** Arnold decide revelarse ante a sociedade enfrontándose aos seus supostos amigos, veciños, médicos e mesmo á corporación A. L. M. A., que claramente dirixe o lugar que habita.



OS PERSONAXES



ARNOLD

É un rato de mediana idade que está frustrado e desencantado, atrapado nun mundo que non comprende e que o leva a pasar por unha crise existencial que o fai cuestionarse se todo o que o rodea é real ou é produto dun escenario. Sente medo, pero á vez decide embarcarse nesa procura do sentido da vida, da súa propia vida.

MARÍA

É a esposa de Arnold. É ambiciosa, traballadora e esforzase por destacar nun mundo laboral competitivo e hostil. María é un personaxe complexo e contradictorio que a miúdo se sente atrapada entre as súas aspiracións profesionais e os seus desexos persoais. É forte e independente, pero tamén vulnerable e sensible. Está insatisfeita coa súa vida, séntese atrapada nunha rutina e ve como a súa relación con Arnold está marcada polo resentimento e a falta de comunicación.



RAMIRO

É o amigo fantasma de Arnold. Un personaxe enigmático, pesimista e desencantado coa vida que o acompaña na súa viaxe. Axuda a Arnold a cuestionarse a realidade.

PATO RONI

Trátase dun pato alcohólico e fracasado que representa a decadencia e a desesperanza. A súa participación na película é breve pero impactante.



DATOS E CURIOSIDADES

- A película está dirixida por Alberto Vázquez. Ilustrador de vocación, transformou a súa carreira converténdose nun dos directores de animación europeos máis destacados do panorama internacional.
- Posúe unha dilatada traxectoria na que obtivo máis de 100 premios internacionais en certames como Annecy, San Sebastián, Chicago ou Foyle. As súas obras estiveron presentes en prestixiosos festivais como Cannes, Toronto, Clermont-Ferrand, Zagreb ou Slamdance.
- Destaca no seu palmarés catro Premios Goya:
 - En 2012 á mellor curtametraxe de animación con *Birdboy*.
 - En 2017 á mellor curtametraxe de animación con *Decorado*.
 - En 2017 á mellor longametraxe de animación por *Psiconautas: os nenos esquecidos*.
 - En 2023 á mellor longametraxe de animación por *Unicorn Wars*.
- Decorado ten como xerme da historia a curtametraxe *Decorado* do 2016. A curtametraxe, a diferenza da película, é en branco e negro.
- A versión orixinal da longametraxe é en galego.
- Trátase dunha coprodución entre o País Vasco (Uniko), Galicia (Abano), Estremadura (Glow) e Portugal (Sardinha em lata). Cada estudo involucrado traballa en distintas áreas da produción.
- Destaca a dirección de arte de José Luis Ágreda (*Buñuel en el laberinto de las tortugas* ou *Robot Dreams*).
- *Psiconautas*, *Unicorn Wars* e *Decorado* parten dun cómic ao que segue unha curtametraxe e, finalmente, a película.
- No libro de Arte hai bosqueños inéditos e imaxes de construción e deseño de personaxes, ademais de textos dos e das propias profesionais e tamén do propio creador, onde conta como xurdiu a idea e o proceso ata chegar ao filme.

5. APLICACIÓN DIDÁCTICA

A pesar de abordar diversas temáticas, a longametraxe enfócase principalmente na construción da identidade de maneira libre e autónoma. Con todo, a presión social preséntase como un desafío constante que restrinxe a nosa liberdade, e nos forza a adaptarnos ás normas impostas polo grupo.

O propósito desta película é fomentar nos mozos unha educación integral e crítica, e cultivar un xenuíno sentido de responsabilidade social e convivencia democrática. Búscase apoderalos para que constrúan a súa propia identidade de maneira independente e, ao mesmo tempo, desenvolvan empatía, comprensión e aceptación cara aos demais.

Como xa mencionamos anteriormente, esta película non está recomendada para menores de 16 anos pero consideramos que, debido á importancia da temática, debe serlle proxectada ao alumnado do último curso da educación secundaria obrigatoria (ESO) e ao alumnado da secundaria postobrigatoria.

Creemos necesario que os futuros profesionais poidan analizar a intervención educativa nos centros con respecto aos mozos e mozas. Pensamos que a película fai varias propostas interesantes que poden traballarse no ámbito educativo nestas etapas. Máis alá da construción da identidade abórdanse temas como a influencia da sociedade neste proceso e a falta de valores, polo que é importante integrar nas nosas vidas principios como a tolerancia, o respecto, a empatía e a confianza.

O profesorado atopará nesta guía actividades para traballar cos estudantes nas que se aborda, de forma lúdica, a temática principal e outros temas transversais co obxectivo de incentivar o desenvolvemento dun pensamento crítico sobre do proceso de construción dunha identidade propia.



ACTIVIDADE Nº1. "DECORADO"

- **Obxectivos:**
 - Sensibilizar o alumnado sobre a construción da propia identidade.
 - Concienciar o alumnado sobre como a presión social pode influenciar a construción da nosa identidade.
 - Facer consciente o alumnado das distintas problemáticas existentes na nosa sociedade.
- **Actividade:** visionamento da película Decorado. Tras a súa proxección formularanse algunhas preguntas que convidarán o alumnado á reflexión. As preguntas adaptaranse á idade de cada grupo. Algunhas das cuestións que o docente ou a docente pode propoñer son: Que simboliza o "decorado" na película? Como se relaciona coa nosa vida diaria? Que personaxes te impactaron máis e por que? Como credes que se sentía Arnold? Credes que Arnold era feliz? E María? Que mensaxes credes que o director, Alberto Vázquez, tenta transmitir? Credes que a sociedade ten tanto poder na construción da nosa identidade? Considerades que a presión social impídenos ser quen realmente somos ou queremos ser? Como vos fixo sentir a película? Xérvos algunha pregunta sobre a vosa existencia?
- **Material:** pantalla, proxector e película.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº2. "A BOCA ANIMADA"

- **Obxectivos:**
 - Aumentar e reforzar a autoestima do alumnado.
 - Fomentar a integración grupo-clase.
- **Actividade:** esta actividade pode realizarse en calquera materia do currículo. Nunha parede da aula, colgaranse sobres abertos individuais co nome de cada estudante. Cada estudante escribirá unha mensaxe de apoio, agradecemento ou resaltará as calidades positivas de cada un dos/as seus/súas compañeiros/as nunha papeleta. Cada estudante depositará unha papeleta en cada un dos sobres. Non é necesario que o autor da mensaxe se identifique, pero todas as mensaxes deben ser positivas. Unha vez que todos terminen, cada estudante tomará o seu sobre. Catro ou cinco voluntarios lerán as súas mensaxes en voz alta. Os estudantes poderán levar o sobre á casa e reler o seu contido cando necesiten animarse.
- **Material:** un sobre para cada alumno/a, papeletas en branco, bolígrafos ou lapis para escribir, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº3. "DESCUBRÍNDOME"


- **Objetivos:**
 - Fomentar a introspección e a reflexión sobre a propia identidade.
 - Axudar o alumnado a identificar os seus valores, intereses e metas.
- **Actividade:** esta actividade pode realizarse na área de lingua ou durante a hora de titoría. Levarase a cabo ao comezo da clase, dedicando os primeiros quince minutos á escritura reflexiva nun caderno individual. A actividade estenderase ao longo de dúas ou tres sesións. A/O docente poderá propoñer temas que conviden á reflexión, como: que me fai único/a? Cales son as miñas maiores fortalezas? Que cousas me apaixonan? Como me vexo no futuro? Que cousas me fan sentir presión e como podo manexar esa situación?... O que se pretende con esta actividade é fomentar no alumnado a escritura libre e sen censura, e asegurar a confidencialidade do que escriben. Posteriormente, na última sesión, poderán realizar unha posta en común voluntaria onde, quen o desexe, pode ler algún fragmento ou compartir algunha reflexión do escrito. Esta actividade farase sempre nun ambiente de respecto.
- **Material:** caderno individual, bolígrafo ou lapis, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº4. "O DECORADO DA MIÑA VIDA"

- **Obxectivos:**
 - Conectar a metáfora do "decorado" coa propia percepción da vida e a identidade.
 - Explorar como as expectativas sociais e as presións externas poden influír na construción da identidade.
 - Fomentar o respecto e a empatía cara ás diferentes perspectivas.
- **Actividade:** a seguinte actividade poderase realizar na área das linguas, na hora de filosofía ou na hora de titoría. A actividade será individual. Cada alumno/a creará unha representación visual do seu "decorado ideal". Débese animar o alumnado para incluír símbolos, cores, elementos que representen as súas aspiracións, soños e valores etc. Ao finalizar a actividade cada alumno/a explicará a súa creación, o que pode convidarnos a un debate construtivo.
- **Material:** cartón, cartolinas, folios de cores, lapis de cores ou ceras, rotuladores, témperas, pinceis, teas, lapis, bolígrafos, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado do primeiro curso da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº5. "O ESCURO NA CAIXA"

- **Obxectivos:**
 - Desenvolver a empatía.
 - Fomentar a integración no grupo-clase.
 - Promover a cohesión grupal.
- **Actividade:** a actividade poderase levar a cabo na hora das linguas ou na hora de titoría. Cada estudante escribirá, de forma anónima e detallada, un temor ou unha inquietude persoal. Cando todos os integrantes teñan escrito o seu temor ou inquietude introducirán o papel nunha caixa mediana ou grande que estará no centro da clase. Mesturaranse as follas dentro da caixa e repartiranse os papeis ao azar entre o alumnado. Cada alumno e alumna lerá o seu papel en voz alta e deberá explicarlle ao resto que significa, cales son as súas consecuencias no día a día e como ese problema pode chegar a afectar a dinámica dun grupo. A actividade convida a abrir un pequeno debate grupal atendendo a cuestións como: Apareceron medos ou temores en común? Cales foron os máis recorrentes? Como poden chegar a impactar estes temores nas relacións interpersoais no grupo? A finalidade desta actividade é mostrar que moitos dos temores que podemos ocasionar noutras persoas non só afectan de maneira individual senón que a longo prazo afecta a todo un grupo xerando situacións tensas, malestar entre os integrantes, desconfianza...
- **Material:** folios, bolígrafo ou lapis, goma de borrar, afialapis e caixa de cartón mediana ou grande.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.



ACTIVIDADE Nº6. "DESMONTANDO OS PERSONAXES"

- **Obxectivos:**

- Analizar como os personaxes de *Decorado* representan diferentes aspectos da identidade e a conformidade.

- Explorar como a presión social pode levar á perda da individualidade.

- **Actividade:** a seguinte actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na hora de tutoría. Para levala a cabo, o alumnado, en grupos mixtos de 5 ou 6 persoas. A cada grupo, o/a docente asignaralles un personaxe da película (Arnold, María, Ramiro, Pato Roni e Gregorio). Posteriormente deberán analizar o personaxe que lles tocou. Pódense propoñer cuestións como: Como se presenta a identidade do personaxe? Que papel xoga o personaxe no "decorado"? Como se relaciona o personaxe coa presión social? Que representa este personaxe en relación á construción da identidade? Para finalizar a actividade realizarase unha posta en común onde cada grupo presentará as conclusións ás que chegou.

- **Material:** folios, lapis, bolígrafos, goma de borrar e afialapis.

- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.



ACTIVIDADE Nº7. "NOS SEUS ZAPATOS"

- **Obxectivos:**
 - Traballar a cohesión grupal.
 - Fomentar a empatía nos adolescentes.
 - Aprender a reaccionar ante situacións nas que nos deixamos levar pola presión social.
 - Recoñecer actitudes de exclusión ou inclusión cara a un novo integrante.
 - Fomentar a integración no grupo-clase.
- **Actividade:** esta actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na área de educación física. Formaranse grupos de 3 a 4 persoas. Cada grupo no centro da clase representará por quendas unha situación durante uns dous ou tres minutos onde un dos integrantes sempre queda á marxe, situacións conflitivas nas que o resto dos compoñentes subestima unha das persoas do grupo, fanlle burla, rexouban sobre ela, ríñese desa persoa... mentres que o resto da clase observa esa situación e acaban formando parte desa exclusión por parte da presión social que reciben do resto dos/as compañeiros/as. Cando finalicen todos farase unha posta en común onde se abrirá un pequeno debate sobre as situacións observadas e vividas. O/A docente poderá facerlle ao grupo cuestións como: como vos sentistes ao observar a escena? Ese tipo de escenas son comúns no centro ou adoitádelas ver a miúdo fóra del? Que pensamentos vos viñan á cabeza mentres observabades a escena? Que pensamentos vos viñan á cabeza ás persoas que estaban a vivir esa situación? Como vos sentistes nese momento? Que fariades para mellorar a situación da persoa que se sentiu humillada e subestimada? A finalidade desta tarefa é que o alumnado sexa capaz de sentir empatía polo resto dos seus compañeiros e que ante situacións de acoso sexan capaces de responder pacificamente e axudar a outra persoa sen caer na presión grupal.
- **Material:** non se require material.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.



ACTIVIDADE Nº8. "REALIDADE OU FICCIÓN?"

- **Obxectivos:**
 - Aprender a conectar coa propia percepción da vida e a identidade.
 - Explorar como as expectativas sociais e as presións externas poden influír na construción da identidade.
 - Fomentar o respecto e a empatía cara ás diferentes perspectivas.
- **Actividade:** a seguinte actividade poderase levar a cabo na área das linguas, durante a hora de filosofía ou na hora de titoría. A actividade consiste en levar a cabo unha mesa redonda onde o docente ou a docente formulará varias cuestións que convidan á reflexión para, a continuación, expoñer o que senten ou pensan cada un e unha dos alumnos e alumnas. Algunhas destas cuestións, por exemplo, poden ser: cales son os "decorados" que sinto que me rodean? (familia, amigos, redes sociais, etc.). Sinto que estes "decorados" me definen? Sinto que son libre para construír o meu propio "decorado"? Que aspectos da miña identidade sinto que son auténticos e cales son influenciados pola presión social? Que cousas me fan sentir que a miña vida é un decorado imposto?
- **Material:** Non se require material.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº9. "NON SOMOS TAN DISTINTOS E DISTINTAS"

- **Obxectivos:**
 - Mellorar a comunicación entre os/as membros do grupo.
 - Recoñecer nos demais cousas dun/dunha mesmo/a.
 - Potenciar as habilidades sociais no grupo-clase.
 - Fomentar a integración grupo-clase.
- **Actividade:** a actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na materia de Educación Física. O docente ou a docente agrupará o alumnado en grupos de 4 ou 5 persoas, é importante que os grupos estean formados polos integrantes do grupo que menos relación teñen entre eles e elas. Cada grupo deberá atopar 10 cousas que teñan en común (non pode ser nin a vestimenta nin semellanzas na anatomía) e anotalas. Unha vez realizada a actividade deberán expoñer as cousas que teñen en común ante o resto dos seus compañeiros e compañeiras. A finalidade da actividade é que o alumnado sexa capaz de aprender a recoñecer nos demais cousas dun mesmo e lograr unha maior conexión co grupo.
- **Material:** papel, lapis ou bolígrafo, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado do primeiro curso da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE N.º 10. "E TI QUE FARIÁS?"

- **Obxectivos:**

- Fomentar a autonomía e a responsabilidade.
- Fomentar a creación da nosa propia identidade aprendendo a escapar da presión grupal e social.
- Explorar como as expectativas sociais e as presións externas poden influír na construción da identidade.
- Fomentar o respecto e a empatía cara ás diferentes perspectivas e opinións dos demais.

- **Actividade:** a seguinte actividade poderá levarse a cabo en calquera materia do currículo. Para levala a cabo será necesaria a visualización dunha curtametraxe breve á que se poderá acceder a través da seguinte ligazón:

https://www.youtube.com/watch?v=H_W_mFOrtWg

Tras ver a curtametraxe realizarase un coloquio entre o alumnado onde expoñerán o que pensan e o que farían eles e elas. Algunhas cuestións que o/a docente pode expor son: que opinades desta situación? É bastante común no voso grupo de iguais? Que fariades vós? Deixariádesvos influenciar polos vosos amigos/as? Credes que a decisión tomada foi unha decisión madura pola súa banda? Como credes que se podía sentir ao verse coaccionado polos seus amigos/as? Credes que fixo unha boa construción da súa identidade?

- **Material:** ordenador, acceso a Internet, pantalla e proxector.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE N.º 11. "O SENTIDO DA VIDA"

- **Obxectivos:**

- Fomentar a introspección e a reflexión sobre o sentido da vida e o concepto de liberdade.
- Axudar o alumnado para identificar o que o fai feliz, así como a súa visión sobre a liberdade e o sentido da vida.

- **Actividade:** esta actividade desenvolverase na área de linguas ou na materia de filosofía. Consistirá nunha "tormenta de ideas" para convidar o alumnado a reflexionar sobre o propósito da existencia e a liberdade. O /A docente poderá guiar a discusión con preguntas como: que credes que lle dá sentido á vida? A felicidade, o éxito, as relacións persoais? Como vos sentides con respecto ao control das vosas vidas? Que significa para vós a liberdade? Credes que a liberdade é un pilar importante na nosa vida para ser felices?... Ao finalizar a actividade, o alumnado será consciente do que lle dá sentido á súa vida e poderá valorar se hai aspectos que desexa cambiar.
- **Material:** Non se require material.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº12. "LIBERDADE VS CONTROL"

- **Obxectivos:**

- Fomentar a empatía e a comprensión dende diferentes puntos de vista.
- Desenvolver habilidades de argumentación e debate.

- **Actividade:** esta actividade poderase realizar na área de linguas ou na hora de titoría. Organizarase un debate no que un grupo defenderá a liberdade e outro, o control. Como punto de partida, visualizarase a película Decorado, que servirá de base para a discusión.

Cada grupo argumentará a súa postura e debaterá sobre cal das dúas opcións é máis adecuada na nosa sociedade. O/A docente recollerá no encerado as ideas principais do alumnado para chegar a unha conclusión conxunta.

- **Material:** encerado ou taboleiro dixital e xices, rotulador ou lapis táctil.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.



ACTIVIDADE Nº13. "DÉIXAME SER COMO REALMENTE SON"

- **Obxectivos:**

- Analizar criticamente a representación da identidade no texto proporcionado.
- Reflexionar sobre como os estereotipos e a presión social inflúen na percepción dun mesmo e dos demais.

- **Actividade:** esta actividade poderase realizar na área de linguas ou na hora de titoría. O/A docente formará grupos mixtos de 4 ou 5 estudantes e repartirá o anexo 1 a cada grupo.

O alumnado analizará o texto e reflexionará sobre a presión social exercida polos grupos de iguais e o seu impacto na forma de ser e actuar. Ao final do texto inclúense preguntas para guiar a reflexión, que cada grupo deberá responder.

- **Material:** anexo 1, folio, lapis ou bolígrafo, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado do primeiro curso da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº14. "TODOS O ESTAMOS A EXPERIMENTAR OU XA O EXPERIMENTAMOS"

- **Obxectivos:**

- Identificar situacións de presión social experimentadas polo alumnado.
- Reflexionar sobre o impacto emocional e condutual da presión social.
- Desenvolver estratexias para afrontar a presión social de maneira saudable.
- Fomentar a empatía e o apoio entre compañeiros e compañeiras.

- **Actividade:** esta actividade poderase realizar na área de linguas ou na hora de titoría. Antes de comezar, o/a docente explicará que é a presión social e como se manifesta na adolescencia, e proporcionará exemplos como: ter a necesidade de vestir ou actuar de certa maneira para encaixar, deixarse influenciar para realizar actividades que van en contra dos propios valores, recibir burlas ou ser excluído por non cumprir coas expectativas do grupo... É importante que o profesorado poña énfase en que a presión social é unha experiencia común, mesmo na idade adulta, e que non están só os soas.

A continuación, cada estudante reflexionará sobre momentos nos que sentiu presión social e responderá preguntas como: Que persoas estaban involucradas? Que sucedeu exactamente? Como te sentiches nese momento? Como reaccionaches?...

Tras esa reflexión o alumnado deberá de enfocar a atención en como poden afrontar a presión social de maneira efectiva e que estratexias (poden ser escritas ou debuxadas) poderían empregar nesas situacións. Algúns exemplos desas estratexias son: identificar e confiar nos seus propios valores; aprender a dicir "non" de maneira asertiva; buscar o apoio de amigos, familiares ou adultos de confianza; afastarse de situacións ou persoas que xeren presión negativa...

Finalmente, os/as estudantes que o desexen poderán compartir as súas experiencias e estratexias co grupo nun ambiente seguro e respectuoso. Como peche, o profesorado resumirá os puntos clave e reforzará a importancia da autoestima e a autenticidade, lembrando que cada persoa ten o poder de tomar decisións coherentes cos seus valores e benestar.

- **Material:** folios, lapis ou bolígrafos, goma de borrar, afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.



ACTIVIDADE Nº15. "O MURAL DA MIÑA IDENTIDADE"

- **Obxectivos:**

- Fomentar a reflexión sobre os diferentes aspectos que conforman a identidade.
- Explorar valores, intereses, fortalezas e debilidades.
- Promover a aceptación e valoración dun mesmo.
- Desenvolver a capacidade de comunicación e expresión da identidade.
- Fomentar a creatividade artística.

- **Actividade:** a seguinte actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na hora de titoría. Empezarase a actividade convidando o alumnado a crear un mural visual que represente a súa identidade. Poden usar debuxos, palabras, recortes de revistas, fotografías etc. O docente animará o alumnado para que sexa creativo e a expresar a súa individualidade do mesmo xeito que o animará á escoita activa e ao respecto polas diferentes formas de expresión.

Ao finalizar a actividade os/as estudantes que desexen poderán explicar o seu mural. O profesorado poderá preguntarlle ao alumnado voluntario ou de forma xeral a toda a clase preguntas xeradoras de debate como: que aprendizaches ou aprendizaches de ti ou vós mesmos durante esta actividade? Como te sentes ao ver o voso mural?

A finalidade da actividade é reforzar nos/nas estudantes a importancia da autoaceptación e o autoconecemento. É importante que o docente anime os/as adolescentes para seguir explorando e desenvolvendo a súa identidade ao longo da súa vida.

- **Material:** cartón, revistas, xornais, cartolinas, folios de cores, lapis de cores ou ceras, rotuladores, témperas, tesoiras, pegamento, pinces, teas, lapis, bolígrafos, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado do primeiro curso da secundaria postobrigatoria.



ACTIVIDADE Nº16. "O FUTURO DA MIÑA IDENTIDADE"

- **Obxectivos:**
 - Fomentar a planificación e a acción para construír unha identidade auténtica e significativa.
 - Desenvolver habilidades de pensamento crítico e toma de decisións.
- **Actividade:** a seguinte actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na hora de titoría. Para realizala o profesorado pediralle ao alumnado que reflexione sobre como quere que sexa a súa identidade no futuro. Animarano a considerar os seus valores, intereses e metas persoais. A continuación o alumnado deberá crear un proxecto persoal que lle permita avanzar cara á construción da súa identidade ideal. Este proxecto pode incluír: aprender unha nova habilidade, participar en actividades de voluntariado, iniciar un proxecto creativo ou calquera actividade que fomente o crecemento persoal etc. Cada alumno e alumna presentará os seus proxectos persoais á clase.
- **Material:** folios, cartolinas, folios de cores, lapis ou bolígrafo, rotuladores, lapis ou ceras de cores, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº17. "CAMBIEMOS A HISTORIA"

- **Obxectivos:**
 - Mellorar as habilidades da comprensión dos conflitos, a comunicación e o saber resolver os problemas.
 - Reflexionar sobre como actuar ante a presión social, o impacto emocional e condutual.
 - Desenvolver estratexias para afrontar a presión social de maneira saudable.
 - Fomentar a creatividade artística.
- **Actividade:** a actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na hora de titoría. Cada alumno e alumna realizará un cómic onde cambien a historia final de Arnold e María e, onde os protagonistas, cheguen a facer unha elección propia e libre dos seus proxectos persoais de vida sen a presión recibida por parte da sociedade na que viven. Finalmente, esas viñetas poderanse colocar nalgunha das paredes da aula.
- **Material:** papel ou cartolina, lapis, bolígrafo, rotuladores, ceras ou lapis de cores, regra para facer as viñetas, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado do primeiro curso da secundaria postobrigatoria.

ACTIVIDADE Nº18. "A ÁRBORE DOS MEUS VALORES"

- **Obxectivos:**
 - Axudar o alumnado a identificar e reflexionar sobre os seus valores persoais.
 - Comprender como os valores inflúen nas decisións e accións de cada individuo.
- **Actividade:** a seguinte actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na hora de titoría. Para realizar a actividade cada alumno e alumna deberá debuxar unha árbore onde en cada unha das súas follas, raíces e tronco escriban os seus valores. As raíces poden representar os valores fundamentais que os sosteñen; o tronco pode representar os valores que guían as súas accións presentes e, as follas, poden representar os valores que aspiran desenvolver no futuro. A finalidade desta actividade é que o alumnado sexa consciente dos valores que posúe e como estes forman parte da súa identidade ou de como estes van construindo a súa propia identidade.
- **Material:** folios, cartolinas, lapis ou bolígrafo, lapis ou ceras de cores, rotuladores, goma de borrar e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.



ACTIVIDADE Nº19. "QUEN SON NAS REDES?"

- **Obxectivos:**

- Analizar criticamente como se constrúe a identidade nas redes sociais.
- Identificar as diferenzas entre a identidade real e a identidade virtual.
- Reflexionar sobre os motivos que levan a crear "identidades falsas" en liña.
- Desenvolver habilidades de pensamento crítico e conciencia sobre o impacto das

redes sociais na autoestima.

- **Actividade:** a seguinte actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na hora de titoría. O/A docente empezará a actividade presentando o concepto de "identidade virtual" e como esta difire da identidade real. Explicaralle ao alumnado que nas redes sociais, a miúdo presentamos unha versión idealizada de nós mesmos, e que isto pode levar á creación de "identidades falsas". A continuación pediráselles aos/ás adolescentes que durante uns 15/20 minutos reflexionen individualmente sobre a súa propia presenza nas redes sociais. Se poden proporcionar preguntas guía como: sinto presión para presentar unha imaxe perfecta en liña? Algunha vez editei ou filtrei as miñas fotos para verme diferente? Ocultei ou esaxerei aspectos da miña vida nas miñas publicacións? Como me sinto cando comparo a miña vida coa dos outros en redes sociais? Por que creo que hai persoas que crean identidades totalmente falsas?

Tras esa reflexión abrírase un debate sobre o que pensan eles e elas acerca dos motivos que levan as persoas a crear "identidades falsas" nas redes. A finalidade desta actividade é reforzar a importancia da autenticidade en liña e facer consciente o alumnado de que as redes sociais son só unha parte da realidade e que a súa valía non depende da popularidade que teñamos nelas.

- **Material:** non se require material.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria



ACTIVIDADE Nº20. "A MIÑA LÍNEA DO TEMPO"

- **Obxectivos:**
 - Reflexionar sobre a propia identidade e os factores que a afectan.
 - Desenvolver habilidades para tomar decisións autónomas e coherentes cos propios valores.
 - Fomentar o respecto pola diversidade e a aceptación das diferenzas.
- **Actividade:** a seguinte actividade poderase levar a cabo na área das linguas ou na hora de tutoría. Nesta actividade o alumnado, de forma individual, deberá crear unha liña do tempo persoal onde marque os eventos e experiencias que foron máis significativos na construción da súa identidade. Para finalizar poderán reflexionar sobre como estes eventos influíron en quen son a día de hoxe. O/A docente poderán facer unha serie de cuestións que conviden á reflexión como: que aspectos da túa identidade te fan sentir máis orgulloso/a? Que aspectos che gustaría cambiar ou mellorar? Cales son os teus valores fundamentais? Que te diferencia dos demais?...
- **Material:** folios, lapis, bolígrafos, goma de borrar, lapis ou ceras de cores, rotuladores e afialapis.
- **Destinatarios:** alumnado do último curso da secundaria obrigatoria e o alumnado da secundaria postobrigatoria.



5.4. Temporalización.

A proposta de secuenciación é unha proposta marco e o docente será o encargado de dedicar o tempo que estime oportuno en función das necesidades, intereses, motivacións e características do seu alumnado. Ademais, o propio profesor ou profesora dispoñerá da capacidade de poder seleccionar as actividades que estime oportunas para levar a cabo co seu grupo.

Esta guía está pensada para desenvolverse ao longo dun mes aínda que sempre se deixará marxe á flexibilidade, adaptando os contidos e actividades ás novas necesidades que vaian xurdindo no contexto grupo-clase. Cada actividade, de ser necesario, adaptárase ás características de cada estudante.

As actividades terán un carácter progresivo e existirá un maior nivel de profundidade no coñecemento das habilidades requiridas. Na ESO é máis fácil organizar a planificación das actividades xa que contan cunha hora semanal de tutoría. Con todo, en bacharelato, deberemos buscar unha metodoloxía diferente, pois non dispoñen desa hora. En bacharelato as actividades poderanse realizar de forma transversal a través das diferentes materias do currículo (como na área das linguas, filosofía ou educación física)

5.5. Metodoloxía.

Levaremos a cabo diferentes actividades coas que cremos que cumpriríamos cos obxectivos propostos. A idea é fomentar unha aprendizaxe significativa, de modo que o alumnado sexa capaz de establecer relacións e entender a realidade. Apostamos por unha metodoloxía activa, participativa, aberta e flexible. Propoñeremos actividades interactivas nas que os adolescentes participen en primeira persoa, poidan expresar de forma espontánea os seus sentimentos, interpreten roles diferentes, establezan relacións e aprendan a tomar decisións para impulsar o traballo en equipo. A idea é reducir o uso de materiais tradicionais como papel e lapis, e promover a “aprendizaxe por experiencia” como estratexia principal.

O docente desempeñará un papel clave como mediador entre o alumnado e os contidos de aprendizaxe. Para iso, será fundamental establecer unha boa interacción cos estudantes, o que facilitará o seguimento do seu proceso educativo e fomentará un ambiente de confianza para a expresión de intereses e opinións.

Así mesmo, será importante que o profesorado, ademais de coñecer o material, saiba adaptalo ao seu grupo-clase. Finalmente, recoméndase involucrar as familias e a comunidade no proceso de construción da identidade. A súa cooperación e participación en actividades e charlas organizadas no centro contribuirán a fortalecer o proceso educativo dos estudantes.

6. BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA

- ÁLVAREZ, M. E BISQUERRA, R. (1996): Manual de orientación y tutoría. Ed. Praxis. Barcelona.
- BAUMAN, Z. (2005). Identidad. Buenos Aires: Losada.
- DUBAR, C. (2000). La crisis de las identidades: la interpretación de una mutación. Barcelona: Bellaterra.
- PÉREZ GÓMEZ, A. I. (2012). Educar en la era digital. Madrid: Morata.
- SCHLEICHER, A. (2018). Primera clase: Como construir una escuela de calidad para el siglo XXI. Santillana: Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (OCDE).

Referentes Legais:

-Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Webgrafía:

www.edu.xunta.es

www.orientared.com

<https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/index.htm>

<https://psicologiymente.com/social/presion-social>

<https://psisemadrid.org/la-construccion-de-la-identidad/>

7.ANEXO

“DÉIXAME SER QUEN REALMENTE SON”.

Texto:

“Saíndo do instituto imos andando e charlando cun grupo de amigos e compañeiros de clase. Un deles empeza a falar do corpo das súas compañeiras de clase, os demais súmanse á conversación e todos fan comentarios de todo tipo mentres fan bromas e falan de sexo. Un dos mozos do grupo non ten ganas de falar das súas amigas de maneira tan despectiva e non abre a boca durante todo o traxecto. Cando están chegando ao final do camiño, un dos mozos dáse conta de que un compañeiro non falara en todo o rato e empeza a meterse con el: non te gustan as mozas?, es un maricas ou que? Os demais súmanse con comentarios e insultos homófobos”.

Cuestións:

- Como credes que se sente a persoa que é o centro das burlas?
- Que credes que acabará facendo a persoa que non falou?
- Que pode facer el para cambiar a situación?
- Como pode intervir o grupo de maneira diferente?



**“O MUNDO É UN MARABILLOSO ESCENARIO,
PERO TEN UN REPARTO DEPLORABLE”.**

Oscar Wilde

